

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 25 DE MARZO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTEN:

Fidalgo Iglesias, Miguel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos

Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme coa convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Fidalgo Iglesias. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (58).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Xustifícase a urxencia da convocatoria da sesión debido á proximidade dos actos da Festa da Reconquista, data na que tradicionalmente se fai entrega da Medalla da Cidade así como dos nomeamentos de Vigueses Distinguidos”.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2.- (59).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do día 24 de marzo, acordou conceder a Medalla da Cidade á Universidade de Vigo.

Con data 25 de marzo de 2010, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, emite o seguinte informe:

“O RD 2568/86 que aprobou o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas faculta a estas para establecer e acordar a creación de honores, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

O Regulamento de Honores e Distincións, aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece como distinción (art. 7º) a Medalla da Cidade

que se poderá propoñer (art. 3º) por moción da Alcaldía ou grupo político, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros igual á maioría absoluta.

A Excm. Corporación propón á Universidade de Vigo para a concesión da Medalla da Cidade.

A Universidade de Vigo fundouse no ano 1990 a partir da segregación dos medios da Universidade de Santiago de Compostela (USC), ata aquel momento a única universidade galega, en tres: a propia USC, e as novas: Universidade da Coruña e Universidade de Vigo. O seu antecedente é o Colexio Universitario de Vigo, creado nos anos 70 co patrocinio da Caixa de Aforros Municipal de Vigo (hoxe Caixanova), e o Colexio Universitario de Ourense, inaugurado en 1973.

A Universidade de Vigo, cun notable compoñente tecnolóxico, consolidouse en pouco máis dunha década como un referente de modernidade e innovación en Galicia pola formación que imparte e polo alto volume de transferencia de ciencia e tecnoloxía ás industrias e empresas da comunidade, tamén pola súa captación de recursos a través de proxectos de investigación en concursos de ámbito europeo ou español. É unha universidade pública comprometida co desenvolvemento do seu contorno, coa aplicación da calidade a todas as súas titulacións -algunhas exclusivas en Galicia- e cos obxectivos da converxencia europea.”

Polo exposto, o xefe de Protocolo e Relacións Públicas emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Fidalgo do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2010, á Universidade de Vigo en consideración á súa dedicación, traxectoria profesional e experiencia demostrada por máis de 20 anos de servizo á cidadanía de Vigo.

3.- (60).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do día 24 de marzo, acordou nomear VigueSES Distinguidos no presente ano 2010, ás seguintes persoas ou organismos:

- D. Aurelio Pérez García

S. Extraord. urx. 25.03.10

- Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo
- Diálogos 90
- Escolas Ramón Nieto
- Hogar y Clínica de San Rafael
- Sociedade Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive
- D. Teo Cardalda Gestoso

Con data 22 de marzo de 2010, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, emite o seguinte informe:

"O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5º.3 do Regulamento de honras e distincións, aprobado por acordo plenario do 29 de setembro 1981, a Comisión de Goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de "Vigués Distinguido", para galardoar á "persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ó longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo nalgúns casos persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría".

A facultade do nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos políticos municipais."

A proposta do presente ano 2010, segundo notas bibliográficas no expediente é a seguinte:

D. AURELIO PÉREZ GARCÍA

Nace en Vigo, sendo o seu pai funcionario municipal. Traballou en diversas empresas de Vigo relacionadas co sector pesqueiro. Foi Chanceler no Consulado da República Checoslovaca en Vigo.

Candidato á medalla ao traballo polo desenvolvemento do seu labor profesional durante 59 anos ininterrompidos. Creador da firma *Jope* que instalou o primeiro secadoiro artificial de peixe que se montou en Galicia.

Director do Celta temporada 57-59, Insignia de Ouro polo Real Club Celta polos seus 68 anos como socio, presidente da Federación Galega de Ciclismo e organizador na Volta Ciclista a Galicia, Volta ao Ribeiro e Volta Ciclista a España. Foi socio-fundador ata a súa desaparición do Centro de Fillos de Vigo.

COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DO PORTO DE VIGO

A Cooperativa de Armadores de Vigo constituíuse o 2 de decembro de 1964. O fin que se perseguía no momento da súa constitución era fomentar a mellora económica e social dos seus asociados, mediante a acción conxunta.

S. Extraord. urx. 25.03.10

Nove son as Asociacións dos Armadores de Buques de Pesca e dous das Organizacións de Produtores que teñen a súa sede no Porto de Vigo, que a súa constitución fomentouse dende a unión de intereses pesqueiros.

Neste sentido, pode dicirse que as asociacións pesqueiras localizadas no Porto de Vigo e adscritas á Cooperativa de Armadores, están entre as máis fortes e representativas do sector pesqueiro español e da Unión Europea.

A Cooperativa de Armadores de Vigo sitúase no noroeste da Península Ibérica, o Porto de Vigo abriga na súa ría o principal enclave de tráfico marítimo do norte da Península.

DIÁLOGOS 90

É unha asociación de mulleres que organizan distintas actividades de carácter lúdico cultural con gran presenza na vida sociocultural na nosa cidade. Entre os seus obxectivos destaca o de contribuír a facer visibles as achegas que as mulleres galegas realizan nos máis diversos campos. Esta visibilidade escenifícase nunha das súas actividades máis relevantes e que xa se converteu nunha cita ineludible na nosa cidade, a entrega dos premios Galegas Destacadas.

Estes galardóns distinguen dende 1993, coincidindo coa conmemoración do pasamento da escritora Concepción Arenal, o traballo das mulleres destacadas tanto polo seu público recoñecemento como por desenvolver o seu labor no anonimato, de tal xeito que puxeron de releve o labor de máis de 50 mulleres que se converten en referentes do que as mulleres galegas poden achegar á sociedade.

ESCOLAS RAMÓN NIETO

En 1900, financiado por D. Remigio Ramón Nieto Otero, se constrúe unha escola na zona de Barreiro agrandada posteriormente que, segundo instrucións do seu fundador, contaría con todos os avances pedagóxicos da época e na honra da súa persoa levaría popularmente dende aquela o nome de Escolas Nieto.

Ó longo dos seus máis de cen anos de historia as Escolas Nieto tiveron a sorte de contar con persoas que foron capaces de dar moito máis do que implicaba o seu traballo ou a súa responsabilidade dentro deste centro educativo, só hai que lembrar o magnífico labor de Da. Ana Burillo Gómez, directora durante máis de 30 anos desta fermosa escola, así como o de D. Rodrigo Martínez González, director desta institución educativa dende hai pouco máis de tres anos, quen apostou moi forte por esta ela.

Neste curto espazo de tempo puxo en marcha un proxecto ilusionante, levando a cabo reestruturacións importantes, ofertando novos servizos que representan unha maior oferta para as familias e desenvolvendo un proxecto educativo baseado nunha educación integral e de calidade. En tan só dous cursos implantou servizos tan necesarios e importantes como o comedor escolar ou o servizo de madrugadores e iniciou unha reestruturación importante do proxecto educativo facendo que este centro volva sentirse vivo, dinámico e que os seus educadores fagan con ilusión o seu labor.

HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL

O 29 de agosto de 1943 inaugurouse o Fogar e Clínica e dende aquela se fan constantemente reformas de ampliación e reestruturación ata esta data. Situado no barrio vigués de Coia, ocupa unha parcela totalmente pechada de 15.000 m2 con acceso polas rúas de San Xoán de Dios, Tomás A. Alonso, Camiño de Cordoeira e Alcalde José R. Fontán. As diferentes áreas de actividade do centro distribúense en catro edificios comunicados por paso subterráneo ou cuberto, co obxecto de facilitar a comunicación entre eles para aquelas actividades que requiran desprazamentos internos. A superficie útil total construída é de 10.711 m2 e o resto son zonas axardinadas e deportivas.

É un centro de atención a discapacitados psíquicos e de rehabilitación e ten carácter asistencial de confesionalidade católica, promovido para o cumprimento dun servizo público con xestión privada sen ánimo de lucro. Como tal centro asistencial, sométese ás disposicións emanadas da lexislación vixente sobre a materia, tanto do Estado Español, como da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como centro pertencente á Orde Hospitalaria de San Xoán de Dios, sométese ás disposicións emanadas das Constitucións e Estatutos Xerais desta orde. Como centro católico se atende en todas as súas actividades á ética natural e á moral católica.

O centro está aberto a toda persoa que precise asistencia, calquera que sea a súa condición relixiosa, social ou económica, sen máis limitacións que as que se deriven das propias características específicas do centro, que son de público coñecemento.

SOCIEDADE CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS DE BEMBRIVE

"Helios" é unha sociedade que traballa sen ánimo de lucro en favor da cultura, o deporte e as actividades sociais, tendo como obxectivo acercar os seus socios ó maior número posible de actividades nas que poden participar como protagonistas ou como espectadores,. Neste momento existe unha oferta cultural e de lecer de calidade, converténdose nun referente da vida cultural tanto da parroquia como da cidade de Vigo, acollendo todas as propostas que dende as distintas administracións se presentan e creando un abano propio de actividades.

Aínda que nace no ano 1928 e se inaugura o 19 de agosto, as primeiras noticias escritas de "Helios" datan do ano 1932, sendo fundada por don Edelmiro Vila e tendo referencias da sociedade como "promotora e protectora das escolas da parroquia" e como "realizadora de veladas teatrais e bailes" no salón da sociedade.

A guerra civil trunca toda esta actividade, sendo necesario agardar ata a década dos oitenta para que volva o rexurdimento e expansión dos seus grupos e actividades. Dende ese momento "Helios" traballa de xeito incesante a prol da cultura e da actividade social, pretendendo achegar aos seus socios en particular, e aos veciños de Bembrive en xeral, todo tipo de actividades e mostras culturais.

TEO CARDALDA GESTOSO

José Teodomiro Cardalda Gestoso (Bouzas, Vigo, 7 de outubro de 1962). Músico español coñecido pola súa pertenza ós grupos musicais "Golpes Bajos" e "Cómplices".

Cardalda comezou na música precisamente co grupo "Golpes Bajos", xunto a Germán Coppini, (quen poñía a voz) en 1982. Inicialmente compoñían un dúo ao que logo se incorporaron Pablo Novoa e Luis García. A súa canción máis lembrada desta época é "*Malos tiempos para la lírica*".

Cómplices sería a súa seguinte aventura musical, esta vez en compañía da súa parella sentimental, a tamén viguesa María Monsonís. Aínda que ó comezo (no ano 1978) o grupo estaba formado por catro membros (Tino DiGeraldo e Billy Villegas completaban a banda), non tardou moito en converterse nun dúo. "Es por ti", "Los tejados" ou "El marido de la peluquera" son algunhas das cancións máis coñecidas do dúo. Tamén interpretaron a banda sonora da serie "Nada es para siempre", rodada en Galicia a comezos da década de 2000.

Foi grande a súa contribución á música dos anos 80 -época especialmente importante na música moderna en Vigo- é, sen dúbida, un das máis influentes e coñecidas.

Na actualidade é Presidente da Asociación de Compositores e Autores de Música (ACAM) que se fundou o 31 de maio de 1995."

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Vigueses Distinguidos no presente ano 2010, polos seus méritos e traxectorias expostas nos datos bibliográficos transcritos nos antecedentes, ás seguintes persoas ou organismos:

- D. Aurelio Pérez García
- Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo
- Diálogos 90
- Escolas Ramón Nieto
- Hogar y Clínica de San Rafael
- Sociedade Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive
- D. Teo Cardalda Gestoso

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria

S. Extraord. urx. 25.03.10

dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.